



1.- Curso de introdución á xenética cuantitativa

Obxectivo: Ofrecer unha introdución conceptual e práctica dos obxectivos e protocolos da xenética cuantitativa que permita poñer en valor coñecementos en matemáticas, estatística e programación para aplicalos neste campo da bioloxía.

Dirixido a: Alumnado de Grao, Máster e Doutoramento con formación matemática, e en xeral, todos aqueles profesionais das matemáticas que teñan interese en potenciais aplicacións no campo da bioloxía evolutiva e/ou a mellora xenética.

Lugar: Aula 4 da Facultade de Matemáticas.

Datas: 1-5 e 9-12 de decembro de 2014.

Inscrición:

Para inscribirse no curso mandar un correo ó seguinte enderezo de correo electrónico: curso.xenetica.matematicas@usc.es incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos, enderezo de correo electrónico, titulación e/ou ano que está cursando.

Prazo de inscrición: do 10 ó 21 de novembro.

Máis información: <http://xtsunxet.usc.es/cxm/#organizacion>

2.- Curso da UNED “Matemáticas para todos”

A UNED convoca o curso presencial "Matemáticas para todos. Como mellorar o teu rendemento en Matemáticas", dirixido ao público en xeral, e orientado a fomentar o interese e mellorar o rendemento en Matemáticas, explicando a súa importancia na sociedade contemporánea dende unha perspectiva científica, cultural e histórica.

Lugar: Aula Magna do centro UNED A Coruña.

Datas: 27 de novembro ao 18 de decembro.

Máis información: <http://extension.uned.es/actividad/7659&codigo=CDN>

3.- X Foro de Interacción Matemática Industria

O día 21 de novembro de 2014 terá lugar na Facultade de Matemáticas da USC o **X Foro de Interacción Matemática Industria**, unha proposta dos grupos de Matemática Aplicada, Estatística e Investigación Operativa das 3 universidades galegas que consolidan o seu labor de transferencia de tecnoloxía á industria e ao sector produtivo a través do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI). Neste X Foro, as empresas invitadas plantearán problemas que xurden no seu ámbito e que son susceptibles de ser tratados

mediante métodos matemáticos e numéricos, estatística e investigación operativa: modelado, simulación de procesos e dispositivos, enxeñería asistida por ordenador (CAE), etc. Entre outros, pódense presentar problemas relacionados con mecánica de fluidos, cálculo de estruturas, transferencia de calor, acústica, electromagnetismo, finanzas cuantitativas, apoio á toma de decisións, asesoramento estatístico e análise de datos, control de calidade, análise de riscos, optimización de procesos, control de stocks, etc.

Máis información: <http://www.itmati.com/x-foro-de-interacci%C3%B3n-matem%C3%A1tica-industria>.

4.- Premio José Luis Rubio de Francia 2014

A *Real Sociedad Matemática Española* (RSME), co patrocinio da *Universidad Autónoma de Madrid* e a *Universidad de Zaragoza*, convoca o Premio “José Luis Rubio de Francia” (edición 2014) para xóvenes investigadores/as en Matemáticas. O prazo de presentación das candidaturas estará aberto ata o 31 de decembro de 2014, e poden presentarse no enderezo: premios@rsme.es.

Máis información: <http://www.rsme.es/content/view/1593/73/>

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>